

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO GLOBAL ENTREPRENEURSHIP MONITOR (PROXECTO GEM) EN ESPAÑA A NIVEL REXIONAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A subdirectora da Oficina Galicia Emprende do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar con a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022.

Non obstante, serán atendibles os gastos derivados das actividades obxecto do convenio realizados a partires do 1 de xaneiro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración para a realización e execución dos traballos do Proxecto GEM en España a nivel rexional, concretamente en Galicia, durante o ano 2021-22. Estes traballos son:

- Enquisa á poboación adulta (APS), *Adult Population Survey* de acordo á metodoloxía GEM durante ano 2022.
- Entrevista a expertos (NES), *National Expert Survey*) de acordo á metodoloxía GEM durante ano 2022.
- Redacción, edición, presentación pública e difusión do informe rexional edición 2021-22.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo. Igualmente entre os seus obxectivos están o de facilitar ás empresas servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á creación e desenvolvemento das mesmas. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, na Disposición Adicional Segunda, establece que o IGAPE terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.

A USC é unha entidade que desenvolve actividades de Investigación, Formación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico e posúe experiencia probada no desenrolo de estudos no ámbito do emprendemento e a transferencia de tecnoloxía entre os grupos de investigación e o sector produtivo, estando por elo o IGAPE interesada en contratar o seus servizos, ao amparo do artigo 83 da Lei Orgánica de Universidades (Lei 6/2001, de 21 de decembro modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril), e resto de lexislación aplicable.

A CEG é unha organización privada e independente, cuxo principal obxectivo fundacional é o fomento do sistema de iniciativa privada e a economía de mercado na Comunidade Autónoma galega. Constituída no ano 1981 por común acordo das catro Confederacións Provinciais de Empresarios. É unha entidade sen ánimo de lucro, de afiliación voluntaria e de estrutura democrática. Desde a súa creación, a organización empresarial máis representativa no ámbito autonómico galego, é membro da Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE) e da Confederación Empresarial da Pequena e Mediana Empresa (CEPYME). Acta de Constitución e Estatutos, que foron depositados segundo a Lei 19/1977, de 1 de abril e o R.D. 873/1977, de 22 de abril, na Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

O Proxecto GEM é un programa mundial de investigación, difusión e compromiso académico, que se reflicte nun programa sistemático de recompilación, preparación de informes e coleccións de datos, así como na creación de varias actividades deseñadas para beneficio e axuda de investigadores e responsables de políticas e programas públicos no campo da creación de empresas. Este proxecto foi posto en marcha a nivel mundial pola London Business School e o Babson College, e réxese por ciclos anuais cun estrito calendario que vén determinado polos órganos do GEM Consortium. O elemento clave que caracteriza e diferencia ao Proxecto GEM doutras fontes de información sobre o fenómeno emprendedor ou a creación de empresas, é a utilización dunha metodoloxía de investigación propia e común en todos os países e rexións participantes, o que lle permite proporcionar información comparable entre territorios. A clave desta metodoloxía é a homoxeneidade das ferramentas empregadas para recoller a información, e o feito de traballar como fonte independente complementada polas fontes xa existentes sobre indicadores socioeconómicos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

A subdirectora da Oficina Galicia Emprende